



CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Expediente núm.: 1464/2020

Procedemento: Aprobación das bases reguladoras de axudas á natalidade ou adopción: coa tarxeta “Benvido ao Pereiro” para o impulso da actividade económica no termo municipal de Pereiro de Aguiar, para paliar os efectos do COVID-19 (Reactiva Pereiro): medidas complementarias de apoio ás familias.

ANUNCIO

Para os efectos oportunos, publícase a continuación a Resolución da Alcaldía de data do 12 de febreiro de 2021, en relación ás axudas concedidas dentro do Programa para o fomento da natalidade do Concello de O Pereiro de Aguiar (Ourense), Programa BENVIDO AO PEREIRO.

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Vistas as solicitudes presentadas ao programa para o fomento da natalidade do Concello de O Pereiro de Aguiar (Ourense), Programa BENVIDO AO PEREIRO ata o 15 de xaneiro de 2021.

Considerando o previsto nas bases reguladoras de axudas á natalidade ou adopción coa tarxeta “Benvido ao Pereiro”, para o impulso da actividade económica no termo municipal para paliar os efectos do COVID-19 (Reactiva O Pereiro): medidas complementarias de apoio ás familias. (BOP nº 221, do 25 de setembro de 2020 e BOP nº 230, do 6 de outubro de 2020).

E de conformidade coa comprobación da documentación aportada e co apoio da Deputación Provincial de Ourense, en base ao Convenio asinado con data 25 de novembro de 2020 (informe técnico emitido con data 1 de decembro de 2020 pola Área de Benestar), e de conformidade ao previsto na bases quinta e sexta das bases reguladoras do programa, tramitáronse as devanditas solicitudes. Polo exposto,

DISPOÑO:

1º.- Declarar a adxudicación da axuda de natalidade ás seguintes persoas solicitantes da mesma dende o 1 de decembro de 2020 ata o 15 de xaneiro de 2021 coa contía asignada.

	Nº REXISTRO ENTRADA	SOLICITANTE	NIF	CONTÍA DA AXUDA (€)	DATA DE CADUCIDADE
1	5934/20	PEDRO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	***8053**	250,00	31 de maio de 2021
2	6139/20	NOELIA FELIZ ESTÉVEZ	***2848**	250,00	31 de maio de 2021
3	6393/20	CARLOS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	***3066**	250,00	31 de maio de 2021
4	1168/20	JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ IGLESIAS	***3803**	250,00	31 de maio de 2021
5	1174/20	LUCÍA DIÉGUEZ VILLAR	***7772**	250,00	31 de maio de 2021
6	6454/20	Mª ISABEL GONZÁLEZ GÓMEZ	***4545**	250,00	31 de maio de 2021
7	1181/20	DAVID GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	***6044**	250,00	31 de maio de 2021
8	6555/20	FERNANDO PEREIRA FERNÁNDEZ	***8560**	250,00	31 de maio de 2021
9	16/21	MÓNICA FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ	***9225**	250,00	31 de maio de 2021
10	5/21	SILVIA VÁZQUEZ ÁLVAREZ	***4821**	250,00	31 de maio de 2021
11	53/21	Mª OLGA RUADAS RIVAS	***7833**	250,00	31 de maio de 2021
12	99/21	JENNIFER HERMIDA DACOSTA	***5976**	250,00	31 de maio de 2021
			TOTAL	3.000,00	

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

2º.- Autorizar á Entidade ABANCA para que, en virtude do Convenio de colaboración asinado con data de 25 de novembro de 2020 xunto coa Diputación Provincial de Ourense, proceda ó cargo, na conta designada pola Tesourería Municipal, do importe de 3.000,00 € en concepto de axudas e 24,00 € en concepto de emisión das tarxetas "Benvido ao Pereiro" para un total de 3.024,00 €.

3º.- Publíquese esta Resolución na sede electrónica do Concello de O Pereiro de Aguiar."

Publícase isto e advírtese que contra a presente resolución pode interponer potestativamente o recurso de reposición ante o Sr. Alcalde do Concello de O Pereiro de Aguiar, no prazo dun mes, como trámite previo ó contencioso administrativo, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado provincial do contencioso administrativo, no prazo de dous meses, sen que se poidan simultanear ámbolos recursos. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio.

O Alcalde

ESTE DOCUMENTO ESTÁ ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395



Cod. Validación: TC65JLNAACTRXYRQMGD7WXM4E | Corrección: <https://concellopereiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2